

## ÁREA TEMÁTICA /

### Accesibilidade e mobilidade

Orzamento / 3.365.563 €

Axuda do FEDER / 2.355.894,10 €

### Medidas /

- Mellora da mobilidade no barrio de Vista Alegre e acceso ao río Sarela: conxunto de actuacións, todas elas complementarias ao programa Área Rehabilitación Integral (ARI) que se desenvolverá na zona. As actuacións para levar a cabo consisten na supresión de barreiras arquitectónicas, reordenación do tráfico, apertura de rúas peonís, canalización de novos servizos (fibra óptica e gas) e a doutros xa existentes (electricidade) que na actualidade son exteriores, reordenación de zonas de estacionamento e soterramento de colectores.

Por outro lado actuarase sobre as rúas lindeiras co río Sarela co fin de comunicalas coa senda peonil que percorre a rúa Galeras e a zona do Carme, mantendo o patrimonio alí construído.

- Mellora da mobilidade no barrio da Almáciga a través das seguintes actuacións:
  - Apertura dun vial que comunique o barrio da Almáciga coa zona de Basquiños e Santa Clara.
  - Urbanización da rúa da Caramoniña, como unha das principais vías de acceso ao barrio. Para iso, contémplanse accións de instalación de equipamentos, ensanche de beirarrúas, asfaltado, etc.
  - Instalación de equipamentos como, por exemplo, escaleiras mecánicas que faciliten o acceso da poboación as zonas máis altas do barrio.





---

## ÁREA TEMÁTICA /


**Fomento do uso máis eficaz da enerxía**

**Orzamento / 49.000 €**

**Axuda do FEDER / 34.300 €**

### Medidas /

- Mellora da eficiencia enerxética e instalación de sistemas de enerxías renovables en edificios públicos: implantaranse medidas de aforro enerxético e de consumo hídrico nos pavillóns polideportivos de Vite e de Santa Isabel (Vista Alegre). Esta medida verase complementada mediante a instalación de paneis captadores de enerxía solar para o quecemento de auga en pavillóns polideportivos da zona do proxecto URBANA.



---

## ÁREA TEMÁTICA /

**Cultura e patrimonio**

**Orzamento / 550.000 €**

**Axuda do FEDER / 385.000 €**

### Medidas /

- Creación e dotación de espazos para o fomento da creación cultural mediante dúas actuacións:
  - Creación, a partir da rehabilitación dos restos da antiga curtiduría do parque de Belvís, dun espazo público con ludoteca e zona social, destinado ás actividades de ocio e cultura (ex. exposicións culturais, talleres sobre arte, etc.) para o gozo de toda a poboación da cidade e dos habitantes no barrio de Belvís en particular.
  - Construción dunha pequena nave anexa ao edificio contiguo á Escola Municipal de Música (barrio da Almáciga) para convertelo nun Centro de Creación Cultural. Este espazo servirá de punto de encontro e traballo para os novos creadores, así como lugar onde expoñer a súa obra. Ademais, eventualmente, este centro utilizarase como lugar de impartición de cursos sobre métodos de arte (escultura, pintura, etc.) facendo difusión da arte e a cultura.



## ÁREA TEMÁTICA /

### Infraestrutura de servizos

Orzamento / 2.000.000 €

Axuda do FEDER / 1.400.000 €

#### Medidas /

- Construción e equipamento de dous centros cívicos integrados nos barrios da Almaciga e Romaño: trátase de centros de proximidade de carácter polivalente que favorecen a integración de iniciativas sociocomunitarias. A función primordial destes centros será dotar a cidadanía da zona norte de Santiago de novos espazos e recursos que permitan o desenvolvemento de actividades individuais e colectivas, dirixidos a cubrir necesidades en ámbitos diversos como comunicación, relación, información, asistencia social, aprendizaxe/formación, promoción económica e de emprego, creación e ocio.
- Mellora de instalacións deportivas na zona de Belvís: construción dun campo de fútbol-7 regulamentario na zona do Parque de Belvís, o que permitirá favorecer a practica físico-deportiva e fomentar e apoiar o labor que as entidades deportivas do barrio xa están desenvolvendo.

## ÁREA TEMÁTICA /

### Formación profesional

Orzamento / 250.000 €

Axuda do FEDER / 175.000 €

#### Medidas /

- Programa de Cualificación Profesional e Promoción de Iniciativas Locais de Emprego: organización de cursos destinados á poboación da zona norte, poñendo especial énfase nos grupos de difícil inserción tales como mulleres ou inmigrantes. Os cursos estarán enfocados a proporcionarlles aos integrantes dos mesmos, os coñecementos e habilidades necesarios para que poidan desenvolver un oficio determinado ao finalizar o mesmo.





[www.urbanasantiago norte.org](http://www.urbanasantiago norte.org)

Este proxecto cofinánciase polo **Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER)**



*“Unha maneira de facer Europa”*